

X PREMIO PONTEDEUME EN FEMININO

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. Obxecto

O Premio **Pontedeume en Feminino** nace como medio para recoñecer, estimular e difundir públicamente as actuacións das mulleres eumesas cuxo labor en calquera área da vida: económica, cultural, política, educativa, etc. favoreza:

- A denuncia de situacións de discriminación por razón de sexo
- O exercicio do seu labor profesional en áreas onde a muller teña unha baixa representación.
- Fomento do asociacionismo e o impulso á participación.
- Enriquecemento cultural da Vila.

Igualmente este premio convertese nun instrumento de recoñecemento público á labor daqueles homes que individual ou colectivamente teñan impulsado ou favorecido accións encamiñadas a promover a Igualdade de xénero.

2. Modalidades:

O Premio outorgarase segundo as seguintes modalidades:

- Individual feminino
- Colectivo feminino
- Individual ou colectivo masculino

3. Candidaturas ao X Premio Pontedeume en Feminino

Poderán optar ao premio en calquera das súas modalidades todas aquelas persoas maiores de idade, colectivos ou entidades públicas ou privadas que coa súa traxectoria ou labor teñan contribuído e destacado na consecución do obxectivo marcado no primeiro punto.

As persoas individuais ou entidades candidatas poderán ser propostas por calquera persoa individual ou entidade pública ou privada non podendo postularse a si mesmas.

4. Forma, documentación, lugar e prazo de presentación das candidaturas

- As candidaturas formalizaranse coa presentación no Rexistro Xeral do concello da ficha adxunta debidamente cumprimentada
- O prazo de presentación iniciase o día 6 de febreiro e remata o vindeiro sábado día 3 de marzo do 2012
- Cada persoa a nivel individual ou entidade poderá presentar un máximo de dúas propostas

5. Xurado

A selección das persoas ou colectivos premiados estará a cargo dun xurado presidido polo alcade do concello de Pontedeume ou persoa na que delegue e constituido por catro persoas expertas en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes que serán designadas dende a Concellería de Benestar Municipal.

O xurado farase público no acto de entrega do Premio.. Semdo os criterios xerais que as e os membros do xurado terán en conta na selección os seguintes:

- Promoción da participación social en igualdade de condicións.
- Defensa da Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes.
- Promoción dunha imaxe non discriminatoria das mulleres.

A decisión do xurado é inapelable. Cando concurren circunstancias excepcionais, o xurado poderá outorgar por unanimidade, premios especiais non previstos nas modalidades recollidas no segundo punto das presentes bases

As incidencias xurdidas na aplicación das presentes bases serán resoltas polo xurado e mencionadas na acta

6. Premios

Os premios nas súas tres modalidades daranse a coñecer mediante un acto público o día 8 de marzo de 2012, Día Internacional da Muller ás 20:00 h. no salón de actos da Casa da Cultura. Poderán ser declarados desertos cando as candidaturas non presenten os méritos suficientes.

En cada unha das modalidades, o premio consistirá nunha escultura de Sargadelos sobre unha peana en cuxa base aparecera o lema “ X premio Pontedeume en feminino, marzo 2012” en un diploma no que se fará expresa mención aos méritos que motivan seu outorgamento. Todo elo será entregado en acto público o 8 de marzo ás 20:00 h. no salón de actos da Casa da Cultura.

